



Somos o risco dos investimentos!

STOP CARBÓN - PROTEXAMOS O CLIMA

Ende Gelände (Ata aquí e non máis aló) para o carbón lignito en Lusacia: ¡acción de xustiza climática!

En 2016, a despedida ao carbón continúa: Vattenfall, propietaria do xacemento de carbón en Lusacia está a tratar de vender a súa rama alemá do carbón lignito. Esta é unha oportunidade única para pechar finalmente minas a ceo aberto e centrais eléctricas de carbón, e así amosar que é posible a eliminación do carbón dun xeito social e ecoloxicamente responsable.

A pesar de todo, Vattenfall só busca vender: supostamente, un novo investidor continuará co sistema de enerxía centralista e destrutivo durante as próximas décadas. Este acordo sería o maior investimento no carbón na totalidade de Europa – provocando máis reasentamentos, novas centrais, contaminación da auga potable e desastres climáticos.

Lusacia é un exemplo acerca de como son executadas as políticas climáticas neste momento: todos/as pretenden querer a eliminación dos combustibles fósiles, a pesar de que realmente ninguén tenta mantelos no chan. Os cumios climáticos declaran a transición a enerxías renovables e os mesmos gobernos seguen doando eficazmente centos de billóns de subvencións á industria de combustibles fósiles. O goberno alemán fala de protección climática – e derrama ouro sobre as vellas centrais de RWE e Vattenfall. Gran Bretaña elabora unha gran declaración acerca do adeus ao carbón – só para investir logo no fracking e a enerxía nuclear. O “crecemento ecolóxico” debe, dalgún xeito, marcar a diferenza.

DICIMOS: BASTA! Non vender, senón máis ben poñer fin ao carbón – “Ende Gelände”! Se Vattenfall quere pechar o seu negocio en Lusacia, só para deixarlle o traballo sucio a alguén máis, imos poñer o pé na porta. E pisaremos os dedos dos pés dos/as líderes actuais en políticas climáticas. Xa que non podemos esperar nin confiar na política.

ESTAREMOS EN PÉ ONDE TEÑEN QUE PARAR AS ESCAVADORAS. Demandamos: a fin do carbón agora! E sabemos: que se trata de traballo físico. Centos de nós pecharemos a mina de carbón en Lusacia nunha acción masiva de desobediencia civil. Calquera pode participar na acción (ben sexa un/ha activista experimentado/a ou non) – xuntos/as pararemos as escavadoras.

VIÑEMOS PARA QUEDARNOS. O pasado ano 1.550 persoas entraron no foxo dunha mina de carbón lignito en Renania. Este ano chegaremos a Lusacia, onde a xente loitou contra a minería e os seus reasentamentos durante anos. E lanzaremos outro sinal contra a tolemia do carbón lignito! Mesmo aínda que as nosas accións non sexan legais – en calquera caso serán

lexítimas. Como o tempo se acaba: se os combustibles fósiles non se manteñen agora no chan, as consecuencias catastróficas para catro millóns de persoas dificilmente poderán ser evitadas.

ESTAMOS EN TODAS PARTES. A loita contra a minería de carbón lignito na Lusacia alemá e polaca, é parte dunha loita global. A xente está en loita ao redor do mundo contra o capitalismo dos combustibles fósiles. Están a parar centrais eléctricas de carbón na India, gasodutos nos EE.UU., portos carboeiros en Australia, fracking en Brasil e explotacións petrolleiras en Nixeria. Mentres o Norte global quenta a crise climática, os seus países teñen, aínda así, mellores posibilidades de adaptación. No Sur global, pola contra, o cambio climático está a destruír os medios de vida de millóns de persoas. Moitas delas morren nas fronteiras con Europa. Son vítimas dun réxime de fronteiras racista, con vistas a manter fóra as consecuencias do cambio climático. A loita contra as causas fundamentais da migración tamén comeza en Lusacia. Xustiza climática agora!

QUERÉMOLO TODO: A FIN DO CAPITALISMO DE COMBUSTIBLES FÓSILES! Non loitamos só contra o carbón, contra o fracking e o petróleo, senón que desafiamos fundamentalmente a lóxica dos beneficios e a tolemia do crecemento; por isto se promoven solucións erróneas como mecanismos de mercado, proxectos a gran escala e a continua explotación do Sur global. Mentres que unhas poucas empresas enerxéticas están a prosperar e son aloumiñadas con subvencións, as mesmas compañías desconectan da rede eléctrica, só en Alemaña, a 350.000 fogares cada ano – facendo crer aos/ás seus/súas empregados/as que a minería do carbón continuará para sempre. E, con todo, o persoal é crucial para unha transición xusta. Necesitamos un plan, como sociedade, de como organizarnos e financiar unha transformación ecolóxica e social – máis aló da lóxica de beneficios capitalistas. Todos/as carreamos as consecuencias das políticas enerxéticas e en consecuencia todos/as queremos formar parte da toma de decisións: pedimos unha subministración enerxética democraticamente organizada!

SOMOS O RISCO DOS INVESTIMENTOS! Quen merque o lignito en Lusacia obterá a nosa resistencia como parte do paquete. Cantos/as máis sexamos e maior sexa a protesta, menos atractivo será o lignito, máis barato será o prezo e menos probable será o acordo. Nada foi decidido aínda. Xuntos/as podemos parar o acordo e facer que Vattenfall closure a mina: o tempo do carbón acabouse. Así que entremos na mina e aumentemos o risco.

**EN MAIO DE 2016 DICIMOS: ¡POÑÁMONOS EN MARCHA!
¡“ENDE GELÄNDE” EN LUSACIA!**

Mantente o día e subscríbete ao noso boletín de novas!